

## ACTA DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO ASESOR DE PACIENTES

A participación da cidadanía na xestión da Sistema Sanitario Público de Galicia constitúe un instrumento de cooperación e información para a mellora da saúde e do benestar colectivo, ademais dun valor social de seu, que aparece recollido tanto na Ley General de Sanidad coma na Lei de Saúde de Galicia.

Participando desta mesma filosofía, no ámbito da área sanitaria de Vigo entendemos que dispor das suxestións, inquedanzas e necesidades dos pacientes e, en definitiva, do seu asesoramento resulta especialmente significativo para a planificación e optimización da actividade e dos servizos asistenciais da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo (EOXI de Vigo).

Coa finalidade de formalizar o procedemento de relación e asesoramento, a imaxe e semeianza do Consello Asesor de Pacientes que dende o ano 2011 está formalizado de xeito pioneiro en Galicia, a EOXI de Vigo ten constituído o seu CONSELLO ASESOR DE PACIENTES, co obxectivo e a finalidade de erixirse no foro de participación das entidades e asociacións de pacientes que desexen traballar, xunto cos profesionais sanitarios, na mellora da calidade da asistencia sanitaria, aportando a percepción dende a óptica dos pacientes.

A incorporación ao consello asesor de pacientes da EOXI de Vigo ten carácter voluntario e deberá formalizarse a través dunha proposta de adhesión. Pola súa natureza e características e polo ámbito de competencias regulamentariamente establecidas para a EOXI de Vigo, a participación de pleno dereito no Consello Asesor quedará circunscrita ao ámbito das asociacións de carácter sanitario.

As funcións que lle corresponden a este consello asesor son:

- 1.- Asesorar sobre todos aqueles aspectos, actividades, procedementos, recursos e servizos que teñan ou poidan ter impacto sobre a asistencia que reciben os pacientes e as súas familias.
- 2.- Propoñer e participar en programas de formación nos foros que poidan establecerse.
- 3.- Participar nos grupos de traballo e grupos de mellora para a actualización e revisión dos protocolos e guías de atención.

- 4.- Colaborar no deseño de espazos para a mellora da súa accesibilidade e funcionalidade.
- 5.- Propoñer actuacións xerais ou específicas dirixidas a mellorar a experiencia de paciente.
- 6.- Recibir periodicamente a información xeral sobre a actividade e resultados asistenciais.

O Consello asesor reunirase de xeito ordinario con periodicidade semestral, e extraordinariamente no momento en que se produzan circunstancias que así o requiran.

Vigo, 20 de xuño de 2.016



Félix Rubial Bernárdez  
Xerente  
Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo  
Servizo Galego de Saúde